

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DÍA 19 DE NOVEMBRO DE 2007.

No Salón de Sesi3ns da Casa Consistorial do Concello de Mugardos, sendo as nove horas do d3a dezanove de novembro do ano dous mil sete, previa convocatoria e citaci3n ao efecto, re3nese o Concello Pleno, en sesi3n extraordinaria e primeira convocatoria, baixo a presidencia do Alcalde-Presidente, D. Xos3 Fern3ndez Barcia, con asistencia das/dos concelleiras/os Dna. Carolina Cruz Fern3ndez, D. Xos3 Antonio Bouza Rey, Dna. Anxos D3az Prados, D. Juan Antonio Fern3ndez Ameneiro, D. Ignacio Fern3ndez Fern3ndez, Dna. Mar3a 3frica P3rez Filgueiras, D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, D. Emilio Varela Deibe, Dna. Bego3na Mar3a G3mez D3az, Dna. Mar3a del Pilar D3az Otero e D. Manuel Eugenio Fari3a Doval. Asiste tam3n a Interventora, D^a. Vanessa Garc3a Barreiro.

Faise constar que D. Mois3s Rivadulla Fern3ndez ten renunciado ao seu cargo de concelleiro.

Act3a como secretario o que o 3 da corporaci3n, D. Rafael Berm3dez Iglesias.

Aberta a sesi3n pola Presidencia, 3ntrase no estudio e discusi3n dos asuntos incl3idos na orde do d3a, adopt3ndose os seguintes acordos:

1.- EXPEDIENTE DE MODIFICACI3N DE CR3DITOS N3M. 31/2007.

Sr. Alcalde: Este 3 un expediente de modificaci3n de cr3ditos para poder recibir ou recoller o veh3culo de protecci3n civil e como non hab3a partida pois hai que facelo, son catro mil e pico de euros e cremos que 3 algo interesante para o Concello, dotalo de infraestruturas que poidan acometer as necesidades que se presentan acot3o e, polo tanto, se trae a este pleno para consideraci3n dos se3ores e se3oras concelleiros/as. Creo que ven ditaminado de comisi3n, pero se o portavoz quere ou se alg3n grupo quere intervenir...

Sr. Fern3ndez Ameneiro: Simplemente sinalar que dende o grupo municipal do PSOE se veu solicitando reiteradamente que se colocaran as sinais existentes no Concello e ademais de non telas colocado se utiliza unha partida que ti3a que ir destinada a este fin, para comprar este veh3culo, polo que non estamos de acordo e 3monos abster na votaci3n.

Sr. Alcalde: Grazas, Juan. Se non hai m3is palabras imos sometelo a votaci3n.

Rematadas as intervenci3ns, som3tese a votaci3n o asunto e o Concello Pleno, tendo en conta o ditame da comisi3n informativa de Facenda e Patrimonio, por oito votos a favor (4 BNG, 3 PP, 1 EU-IU) e catro abstenci3ns (3 PSOE, 1 IPM), acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente, o expediente de modificaci3n de cr3dito n3 31/2007, ao orzamento do exercicio 2007 por un importe de **4.665 EUROS** segundo o detalle do anexo, onde se especifican as previsi3ns de gasto e o seu financiamento.

MODIFICACI3N DE CR3DITO N3 31 ANO 2007

MODALIDADE

CR3DITO EXTRAORDINARIO

FINANCIACIÓN

BAIXAS DE CRÉDITOS

ALTAS NO ESTADO DE GASTOS

PARTIDA		CAP.	DESCRIPCION	IMPORTE
FUNCIONAL	ECONÓMICA			
223	75000	7	• Achega Compensatoria Vehículo Protección Civil	4,665
TOTAL				4,665

BAIXAS NO ESTADO DE GASTOS

PARTIDA		CAP.	DESCRIPCION	IMPORTE
FUNCIONAL	ECONÓMICA			
222	22109	2	• Sinalización	4.665
TOTAL				4.665

Segundo.- Que se someta o expediente a exposición pública por prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado, sen necesidade de novo acordo, no suposto de que durante o indicado prazo non se presenten reclamacións.

2.- RENUNCIA AO CARGO DE CONCELEIRO DE D. MOISÉS RIVADULLA FERNÁNDEZ.

Sr. Alcalde: Neste caso, dicir que para o Concello, e sobre todo e en particular, para o BNG, supón unha perda moi importante, pero por razóns familiares se ve obrigado a fixar a súa residencia en Santiago de Compostela e, polo tanto, deixa o grupo; creo que na mente de todos, con todos os altos e baixos que puidera ter este concelleiro, coincidimos todos en que foi unha persoa clave nestes últimos oito anos e, polo tanto, por parte do grupo de goberno, agradecerlle os servizos prestados e, ademais, agardando que nun futuro non moi remoto poida volver á actividade municipal de Mugardos.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): Nós, como non pode ser doutra maneira, desexamos dende o grupo popular agradecer o tempo que estivo Moisés dedicado á Corporación, como di o alcalde, cos seus máis e os seus menos, loxicamente e queremos agradecer a labor que desenvolveu estes anos e desexarlle moitos éxitos na súa vida persoal e profesional e como di a prensa que o alcalde queda sen man dereita, esperemos que o alcalde recupere a man pronto. Moitas grazas.

Sr. Fariña Doval (que traducido di): Eu que levo anos neste Concello traballando vin pasar, transcorrer, a moitos concelleiros e concelleiras e paréceme que por deferencia, simplemente polo feito de estar aquí durante un tempo, é conveniente que quede, ao menos na miña forma de ver as cousas, que quede reflectido na acta o agradecemento, como mínimo, do meu partido, porque entendo que todos e cada un dos concelleiros que veñen para o Concello de Mugardos veñen traballar pola sociedade e por Mugardos e iso é importante.

No caso especial de Moisés, digo especial porque seguramente foi a persoa coa que, este que está falando, máis problemas de debates, e a veces bastante agrios, tiven; el defendeu as súas prioridades, eu as miñas, non entro en se foi mellor ou peor, iso ten que facelo o seu grupo, o que si digo é que foi frutífero para Mugardos e espero e desexo que na súa nova vida teña moitos máis éxitos dos que tivo no propio concello. Nada máis.

Sr. Alcalde: Grazas sr. Fariña.

Rematadas as intervencións, dáse conta do escrito de renuncia presentado polo concelleiro do grupo municipal do BNG, D. Moisés Rivadulla Fernández, que copiado di:

"MOISÉS RIVADULLA FERNÁNDEZ, con D.N.I. 32676467E, e enderezo en R/Rosalía de Castro, 5-3º esq. Concello de Mugardos EXPÓN que por razóns familiares presenta a súa dimisión como membro desta Corporación"

Á vista do cal, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda:

1º.- Tomar coñecemento da renuncia presentada por D. Moisés Rivadulla Fernández ao cargo de concelleiro desta Corporación, e indicarlle á Xunta Electoral Central que o nome do seguinte da lista do BNG ao que, a xuízo desta Corporación, lle corresponde cubrir a vacante é D. JOSÉ JUAN ROCA LORENZO.

2º.- Transmitirlle o agradecemento de toda a Corporación polo traballo desenvolvido neste tempo.

3.- PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (POS) 2008

Sr. Alcalde: Creo que tamén vén ditaminado de comisión e sería el o concelleiro que explicaría un pouco este tema dado que era responsabilidade da súa área pero como non está, en todo caso, paso á quenda de palabras, porque eu, en realidade, tampouco estou moi ao tanto, creo que é o saneamento da estación de Franza e a reposición de abastecemento de auga na rúa Curros Enríquez e logo o complementario que é o soterramento de contedores na rúa Contramestre Casado. Entón, se hai palabras ábrese a quenda de palabras.

Sr. Fernández Fernández: En primeiro lugar unha pequena corrección, me parece que os dous que van ao POS é a Estación de Franza e o soterramento de contedores, e o complementario o de Curros Enríquez. Me parece que é así, simplemente me parece que así foi como quedamos en comisión.

Sr. Alcalde: Ben, como ven ditaminado, vai así.

Sr. Fernández Fernández: Soamente facer ver que nós na comisión nos abstivemos e imos manter esta mesma abstención dado que nós propoñíamos os saneamentos de Lodairo-Seselle e de Igrexa-Fonte porque aínda que superaban en algo a partida destinada ao POS, pero entendíamos que chegaban a bastantes máis veciños, e máis casas, e que cunha partida complementaria tida en conta nos presupostos pois se podía facer isto; entón, nós nos abstivemos fundamentalmente por esa razón e porque tamén entendíamos que o soterramento de contedores podía ser susceptible de facerse cunha subvención. Entón, dicir que ímonos abster. Grazas.

Sra. Díaz Otero (que traducido di): Bos días a todos e a todas. Nós imos manter o voto favorable o mesmo que fixemos na comisión, advertindo que non estamos de acordo co soterramento de contedores e así o manifestamos tamén na comisión; creemos que o POS non é o lugar adecuado para incorporar esta proposta e este tipo de obras dado que hai sumidoiros sen realizar no conxunto do termo municipal e ademais tamén a renovación do encanamento da auga non está completa. Aínda así apoiaremos co noso voto o plan de obras e servizos para o ano 2008 pero entendendo que a outra parte que se fixo a proposta do partido popular, supoño que sería un acordo previo, nós non estamos de acordo pero manteremos o novo voto a favor.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): Nós ratificarnos no que dixemos na comisión, sinto que non estea a acta para ratificar o que se dixo. En todo caso, por fin se empezan a ter en conta algunhas propostas deste grupo o cal celebramos, o que ven a demostrar, sr. Alcalde, que a oposición non está só para obstaculizar, senón tamén para verificar se as cousas se fan ben e facilitar alternativas de futuro; isto son obras que poden ser de menor ou maior calado, e, en todo caso, se ten en consideración tamén cousas da oposición, o cal é de agradecer tamén, e tal e como dixo tamén a voceira de Esquerda Unida, aproveitouse para facer un importante sumidoiro na estrada da Estación de Franza e o soterramento de contedores en Contramestre Casado, que era unha petición que ven de lonxe tamén, e nós cremos que esas opcións réxense por un criterio de poboación, certamente Lodairo-Seselle, unha delas é esa, por poboación, entón, nada máis, non temos máis que dicir nese sentido. Alegrámonos, en todo caso, de ver que as nosas propostas se levan a cabo tamén. Moitas grazas.

Sr. Alcalde: En todo caso, dicir que se agradece que a oposición estea en sintonía coas cousas importantes para Mugardos, e os saneamentos é unha cousa importante; é certo que pode pensarse que noutros sitios estaría mellor pero son cuestións do que é..., ben... o partido socialista ten as súas razóns para dicir que prefería aquel e non este de Franza; na anterior corporación o partido socialista estivo reivindicando continuamente o saneamento de Franza, da Estación de Franza, continuamente; agora o partido socialista variou a súa posición pero entendo que é lexítimo variar sempre e cando..., pero ben..., nós, en todo caso, coincidimos no tema de Franza porque era unha cousa reivindicada por todos na anterior lexislatura, e por iso non quero dicir que nós non teñamos outro sito mellor en mente, pero trátase de buscar o consenso para este tipo de plans porque entendo que debe ser consensuado entre todos os grupos que hai no Pleno e, polo tanto, agradecer tanto aos que votan a favor como aos que non votan en contra, facilitando, digamos, co seu voto en abstención, facilitar a obra. En todo caso, pois iso, para outra vez virán outros saneamentos noutro sitio.

Rematado o debate, sométese a votación o asunto e o Concello Pleno, por nove votos a favor (4 BNG, 3 PP, 1 EU-IU, 1 IPM) e tres abstencións (3 PSOE), acorda:

1.- Aprobar o PLAN DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL 2008 no que se recollen os investimentos que o Concello ten previsto realizar no POS 2008, integrado polas seguintes obras e de acordo co financiamento que se indica:

Nº de orde e Denominación da obra	Importe total	Estado+Deputac	Concello
SANEAMENTO NA ESTACIÓN DE FRANZA	182.046,60	128.081,61	53.964,99

SOTERRAMENTO DE CONTADORES NA RÚA CONTRAMESTRE CASADO	32.139,10	20.000,00	12.139,10
TOTAL	214.185,70	148.081,61	66.104,09

2.- Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2008 e que se relacionan no punto anterior.

3.- Aprobar o Plan Complementario ao de 2008 no que se inclúen as obras que a continuación se indican:

Denominación da obra	Presuposto
REPOSICIÓN DE ABASTECIMIENTO DE AUGA NA RÚA CURROS ENRÍQUEZ	46.167,41 €

4.- Declarar que o Concello dispón de terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

5.- Comprometerse o Concello a incluír no Presuposto Municipal de 2008 os fondos necesarios para facer fronte á aportación municipal das obras incluídas na anualidade de 2008.

6.- Solicitar á Excm. Deputación Provincial de A Coruña a delegación neste Concello para a contratación e execución das obras incluídas no Plan, que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente.

7.- Facultar expresamente ao sr. Alcalde-Presidente para todo o necesario e relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as 9,13 horas do día ao comezo sinalado, polo Sr. Alcalde-Presidente levántase a sesión, de todo o cal eu, como Secretario, dou fe.

Vº e prace
O ALCALDE,